

DATA	12/01/2009
Nº	20

1024 RBF/mcm

Examinado o expediente tramitado para a contratación do servizo denominado "Realización directorio de empresas do Concello de Culleredo", a adxudicar mediante procedemento negociado.

ANTECEDENTES

1. Con data 3 de decembro de 2008, mediante a resolución nº 2360, da Concelleira Delegada de Economía, Facenda, Réxime Interior e Seguridade, procedeuse á adxudicación provisional á empresa NOVA CONSULTORES, SLL., CIF B-15828791, e o día 9 de decembro de 2008 procedeuse á súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación.

2. No prazo establecido, a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, aportou a declaración de non ter débedas en período executivo co Concello de Culleredo, o xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo, así como o documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 153 da lei 30/2007, pola que se aproba a lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP), establece que no procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar con eles as condicións do contrato.

2. O artigo 135.4 LCSP establece que a adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil de contratante do órgano de contratación, sempre que o adxudicatario presentara a documentación sinalada e constituíse a garantía definitiva.

En base a todo o que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado e adxudicar definitivamente a obra "REALIZACIÓN DUN DIRECTORIO DE EMPRESAS PARA O CONCELLO DE CULLEREDO", á empresa NOVA CONSULTORES SLL., CIF B-15828791 por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os aspectos de negociación establecidos, fixando o prezo en 16.268€, IVE incluído, (orçamento base: 14.024,12€; IVE: 2.243,874€) e o prazo de execución en 165 DÍAS NATURAIS.

SEGUNDO.- Requír ao adxudicatario para que, dentro do prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte á recepción da notificación deste acordo compareza para a firma do contrato.

Comentario [CdC1]: corrección en erros Resol nº82/09

DATA	12/01/2009
Nº	20

TERCEIRO.- De conformidade co disposto polo artigo 137.1 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación definitiva no perfil de contratante do órgano de contratación.

CUARTO.- Nomear director dos traballos a DÑA. Mónica López Andrade xefa de servizo de promoción económica.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución á intervención municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 7 de xaneiro de 2009
A proposta de
O xefe de sección de xestión
orzamentaria

Asdo/ Roberto Babío Fernández

Dou fe,
O secretario xeral

Asdo/ Raúl Martínez Martínez

Conforme coa proposta, elévase a resolución
Culleredo,
A concelleira delegada de economía, facenda, réxime
interior e seguridade

Asdo./ Alicia Ferreiro Varela
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP nº176 , de 1/8/2007)

Intervenido e conforme,
O interventor en funcións

Asdo/ Roberto Babío Fernández